



CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA PARA A MODERNIZACIÓN TECNOLÓXICA DE GALICIA E O CONSELLO DE CONTAS DE GALICIA PARA A COMPARTICIÓN DE INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS E SERVIZOS COMÚNS PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS DIXITAIS.

REUNIDOS

Dunha parte, D. Julián Cerviño Iglesia, director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), actuando en nome e representación da dita Axencia, en virtude das facultades conferidas polo Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos e o Decreto 149/2022, do 1 de setembro, polo que se nomea director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Doutra parte, o Sr. D. Juan Carlos Aladro Fernández, na súa condición de conselleiro maior do Consello de Contas de Galicia, actuando ao abeiro das facultades que lle confire o artigo 8.4 apartado a) da Lei 6/1985, do 24 de xuño, e facultado polo Pleno do Consello de Contas de Galicia, na súa sesión do 31 de maio de 2023, para subscribir o presente convenio administrativo.

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), axencia pública autonómica que foi creada mediante o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico-Financeira e Contable (CIXTEC) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos. Este decreto regula tanto as súas competencias e funcións, como a súa organización e estrutura, o réxime do seu persoal, o réxime económico-financeiro e patrimonial, e os principios que a orientan na súa actuación.

O artigo 1 do referido Decreto sinala que a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia como axencia pública autonómica que ten por obxecto a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico.

Segundo.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, sinala que a contratación centralizada efectuarase a través do departamento que acorde o Consello da Xunta de Galicia por proposta da comisión interdepartamental regulada no seu artigo 20. Asemade, o artigo 20.5





da lei permite que as entidades locais, as universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poidan adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante os oportunos convenios de colaboración. A relación de subministracións, obras, servizos e outras prestacións, que serán susceptibles de contratación centralizada fíxose pública a través da Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014 polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada (DOG Núm. 7 do 13 de xaneiro de 2015). En particular, o Anexo II recolle os supostos nos que a AMTEGA pode actuar como departamento da contratación centralizada.

Terceiro.- O Consello de Contas de Galicia é un órgano estatutario creado polo artigo 53.2 do Estatuto de Autonomía de Galicia, que, segundo dispón o artigo 1º da Lei 6/1985, do 24 de xuño, reguladora da Institución, exerce a fiscalización externa das contas e da xestión económico-financieira e contable, en relación coa execución dos programas de ingresos e gastos do sector público da Comunidade Autónoma, asesorando ao Parlamento de Galicia en materia económico-financieira. Así mesmo, como sinala o artigo 5º bis da citada Lei 6/1985, exerce competencias en materia de prevención da corrupción.

Pola súa banda, o artigo 3º da Lei reguladora atribúelle competencia para todo o concernente ao goberno e réxime interior do Consello do persoal ao seu servizo.

No desenvolvemento das súas funcións relaciónase fundamentalmente coas entidades que compoñen o sector público, pero tamén se relaciona con persoas físicas e xurídicas de carácter privado, cando exerce as súas competencias administrativas de xestión ou cando facilita o exercicio dos dereitos dos cidadáns en relación coas institucións públicas.

Neste senso, para dar cumprimento á obriga legal de relacionarse coas entidades públicas ou cos cidadáns por medios electrónicos, precisa dispoñer de aplicacións e sistemas informáticos.

Cuarto.- Que a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público establece no seu artigo 3, entre os principios xerais das Administracións Públicas, a racionalización e axilidade dos procedementos administrativos e das actividades materiais de xestión, así como os de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas.

Quinto.- Que a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, regula no seu artigo 118 o catálogo dos sistemas dixitais, no que se recollerán as aplicacións, os sistemas de información e as infraestruturas tecnolóxicas que utilizan ou se poñen a dispor dos órganos e entidades do sector público autonómico para o seu funcionamento interno, para a prestación de servizos á cidadanía e para a relación con outras administracións.

Sexto.- Que a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia, regula no seu artigo 129 a posta a dispor dos elementos do catálogo de sistemas dixitais que pola súa situación tecnolóxica ou características funcionais estean en disposición de ser utilizados ou reutilizados por outras administracións públicas, órganos estatutarios, organismos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes daquelas, ou polas universidades públicas do Sistema universitario de Galicia, que poderán adherirse ao seu uso.





Sétimo.- Con data 8 de novembro de 2018, o Consello de Contas de Galicia e a AMTEGA asinaron un convenio, para compartir infraestruturas técnicas e servizos comúns, con un resultado plenamente satisfactorio para ambas partes, que establece un precedente positivo que impulsa o presente convenio.

Actualmente, o Consello de Contas de Galicia e a AMTEGA recoñecen o carácter estratéxico que, en aras a poder garantir a prestación do mellor servizo aos intereses xerais, supón a formalización dun novo convenio de colaboración que sume ao contido do convenio anterior a posibilidade de adherirse á contratación centralizada en materia de administración electrónica que desenvolve a AMTEGA, perseguindo con iso un óptimo desempeño das tarefas de interese público que lles corresponden a ámbolos dous organismos públicos.

Oitavo.- Neste senso, dunha parte, o Consello de Contas de Galicia necesita a colaboración e asistencia instrumental da AMTEGA, concretada no acceso ao Catálogo de sistemas dixitais a disposición dos órganos e entidades do sector público autonómico e o acceso aos elementos tecnolóxicos necesarios para o funcionamento dixital; e, doutra, precisa da competencia e solvencia tecnolóxica das que dispón AMTEGA, para prestar ao Consello de Contas a colaboración e apoio instrumental requiridos.

O presente convenio de colaboración, polo tanto, busca a eficiencia na prestación dos servizos públicos e a realización das tarefas de interese público que lles corresponden ás partes cos medios persoais, técnicos, materiais e de calquera outro tipo dos que dispón o sector público autonómico.

En virtude do exposto, as partes acordan outorgar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto.

O presente Convenio ten por obxecto establecer as bases da colaboración entre a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e o Consello de Contas de Galicia para:

- A compartición de infraestruturas tecnolóxicas e servizos comúns, que se recollen no Anexo I deste convenio, dentro dos que forman parte do Catálogo dos sistemas dixitais postos a dispor das administracións públicas, coa finalidade de racionalizar os esforzos no desenvolvemento de recursos neste ámbito.
- A adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, segundo Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada, nos supostos recollidos no Anexo





II, nos que a AMTEGA pode actuar como departamento de contratación centralizada e nos que o Consello de Contas inclúese no alcance da contratación.

A adhesión ao sistema de contratación centralizada realízase por motivos de eficacia e eficiencia na xestión competencial dos organismos asinantes e sen prexuízo en todo caso da totalidade das competencias que en control externo ostenta o Consello de Contas de Galicia, de acordo coa normativa vixente.

Segunda.- Ámbito de aplicación.

No Anexo I a este Convenio recóllense os elementos do “Catálogo de sistemas dixitais” que se poñen a disposición no ámbito deste convenio, así como os elementos tecnolóxicos necesarios para o funcionamento dixital, coa identificación das súas características técnicas e funcionais e a determinación do seu ámbito de utilización.

No dito Anexo I indícase tamén a modalidade de utilización que se establece.

Mediante addenda a este convenio poderanse incluír no Anexo I novos elementos do “Catálogo de sistemas dixitais” ou modificar as modalidades de uso.

Terceira.- Contratos baseados en acordos marco.

En virtude do disposto neste convenio, o Consello de Contas poderá levar a cabo, coas condicións e esixencias que establece a lexislación sobre contratos do sector público, contratos derivados, baseados nos acordo marco celebrados por AMTEGA, que inclúan no seu alcance ao Consello de Contas.

Cuarta.- Compromisos da Amtega.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia prestará os servizos en materia de tecnoloxías da información e das comunicacións de acordo co que dispoña o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus Estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, o contrato plurianual de xestión da dita axencia e os correspondentes plans de acción anuais.

A Amtega porá a dispor do Consello de Contas:

- o acceso ás aplicacións ou sistemas que forman parte do ámbito deste convenio.
- a información técnica e de uso que sexa precisa para o correcto uso dos sistemas.

O nivel de prestación dos servizos e actuacións da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia levarase a cabo con arranxo a un plan de acción anual, baixo a vixencia e de acordo co pertinente contrato plurianual de xestión.

A prestación de novos servizos ou a ampliación dos actualmente existentes requirirá da formalización da correspondente addenda a este convenio, onde necesariamente figurarán as condicións necesarias para levarlos a cabo.





En relación coa adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, cuxa competencia corresponde á Amtega, esta comprométese a:

- Garantir, con carácter xeral, a dispoñibilidade dos servizos incluídos no ámbito de aplicación deste convenio, mentres este manteña a súa vixencia e baixo as condicións establecidas nos correspondentes acordos marco que lle dean soporte.
- De ser o caso, incorporar o Consello de Contas dentro das entidades adheridas aos acordos marco correspondentes. Neste senso, e de resultar preciso, tramitará a modificación do alcance dos ditos acordos marco, para deixar constancia da inclusión do Consello de Contas no seu obxecto, dándolle audiencia ao contratista, de conformidade co previsto nos seus pregos de cláusulas administrativas particulares.

Quinta.- Compromisos do Consello de Contas.

En relación coa compartición de infraestruturas tecnolóxicas e servizos comúns que forman parte do Catálogo dos sistemas dixitais, o Consello de Contas de Galicia comprométese ao seguinte:

- Colaborar e prestar a asistencia que requira a Amtega no cumprimento das obrigas establecidas neste convenio.
- Facer un uso axeitado das solucións e infraestruturas informáticas do Catálogo de sistemas dixitais postas a disposición do Consello de Contas de Galicia, recollidas no anexo I.
- Cumprir coas especificacións técnicas e condicións de uso das solucións e infraestruturas incluídas no presente convenio.
- Levar a cabo as actuacións necesarias dentro da súa Institución, no exercicio das súas competencias, para a posta en marcha das solucións e infraestruturas do presente convenio que desexen utilizar, así como das posibles evolucións das mesmas.
- Facilitar aos órganos da Amtega a comprobación das condicións de uso e da implementación dos requisitos técnicos necesarios das solucións e infraestruturas do presente convenio que desexen utilizar.

Por outra banda e en relación ca adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, o Consello de Contas comprométese a:

- Respetar as condicións de contratación establecidas nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, así como a facer un uso axeitado dos servizos obxecto dos contratos derivados que poida asinar coas entidades adjudicatarias dos acordos marco tramitados pola Amtega.
- Comunicarlle á Amtega os contratos que de ser o caso promova baseados nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, así como trasladarlle calquera incidencia que xurda en relación coa súa execución.





- Cumprir coas obrigas derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos no acordo marco específico ao que se adhira, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle sexa aplicable.
- Asumir todos os gastos e obrigas económicas que se deriven da formalización dos contratos derivados baseados nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, quedando exonerada a Amtega de ningún gasto como consecuencia dos contratos baseados que subscriba o Consello de Contas.
- Colaborar coa Amtega en caso de que se formulase un recurso ou reclamación derivados dos contratos baseados por el promovidos, así como facilitar a documentación e información que con este motivo resultase procedente.

Sexta.- Financiamento.

As actuacións previstas no presente Convenio non xerarán custos nin darán lugar a contraprestacións financeiras entre as partes.

Sétima.- Comisión de seguimento.

Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión paritaria de seguimento da execución do convenio que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido nel, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento.

A composición da dita comisión será a seguinte:

- Dous representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, con rango mínimo de xefe de departamento.
- Dous representantes do Consello de Contas

Esta comisión estará presidida por un dos representantes da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Ao final de cada anualidade a comisión de seguimento xerará un informe de estado e cumprimento anual do obxecto do presente convenio.

Oitava.- Medios humanos e materiais.

Cada unha das partes, co obxecto de garantir a adecuada execución das actuacións deste convenio, comprométese a asumir a dirección, organización e xestión dos traballos que corresponden en atención ao seu ámbito competencial.

Novena.- Vixencia.





O presente convenio producirá os seus efectos dende a data da súa sinatura por tódalas partes e terá unha vixencia de catro anos, sen prexuízo da posibilidade da súa prórroga mediante acordo expreso das partes por un prazo máximo de catro anos adicionais.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a adhesión do Consello de Contas a acordos marco concretos, dentro do sistema de contratación centralizada, extinguirase cando estes finalicen a súa vixencia, sen que iso lles afecte aos contratos baseados, que continuarán vixentes ata a súa extinción.

Décima.- Modificación, denuncia e causas de resolución.

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.

Sen prexuízo do establecido na normativa vixente, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

- Acordo unánime do tódolos asinantes.
- Incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.
- Denuncia unilateral de calquera das partes previa comunicación á outra parte con tres meses de antelación.

Undécima.- Modificación.

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización das correspondentes addendas.

Décimo segunda.- Protección de datos.

As Partes comprométese a respectar as previsións contempladas no Regulamento (UE) 679/2016 do Parlamento Europeo e a Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro (BOE 06/12/2018) de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, adoptando cantas medidas resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos persoais e dos dereitos dixitais e, a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

Serán de aplicación todos os dereitos e obrigas derivados da normativa aplicable en materia de protección de datos e garantía dos dereitos dixitais.

Décimo terceira.-Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais do Consello de Contas que realicen as actividades obxecto deste convenio e a Amtega, e viceversa.

Décimo cuarta.-Natureza do convenio, resolución de conflitos e xurisdición.





O presente convenio ten natureza administrativa e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións.

Respecto ao consello de Contas, como órgano estatutario previsto no artigo 53 do Estatuto de Autonomía de Galicia, e ao abeiro da disposición adicional quinta da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas, seralle de aplicación a súa normativa específica, no marco que inspiran a actuación administrativa de acordo coa citada Lei.

Doutra banda, aínda que é un dos negocios xurídicos excluídos do ámbito da aplicación da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, segundo se especifica no seu artigo 6, ao non previsto aplicaráselle os principios recollidos na citada Lei, co fin de resolver as dúbidas e omisións que puideran presentarse.

Mediante a firma do presente convenio, as partes comprométese a resolver de mutuo acordo no seo da Comisión de Seguimento os incidentes que poidan xurdir no seu cumprimento.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes durante o desenvolvemento e a execución do presente convenio e que non poidan ser resoltas pola Comisión de Seguimento someteranse á xurisdición contencioso-administrativa conforme ao disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Décimo quinta.- Publicidade e inscrición en rexistros.

A sinatura deste convenio suporá o consentimento expreso para incluír e facer públicos os datos referidos ao convenio, de conformidade co artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, co artigo 8 da Lei 19/2013, do 9 de decembro (BOE 10-12-2013), de transparencia, acceso á información pública e bo goberno e co Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto e no Portal de Transparencia do Consello de Contas de Galicia.

En proba de conformidade co seu contido, as partes asinan telematicamente o presente convenio de colaboración.

O Conselleiro Maior do Consello
de Contas de Galicia

O director da Axencia para a Modernización
Tecnolóxica de Galicia

Juan Carlos Aladro Fernández

Julián Cerviño Iglesia





ANEXO I

ÁMBITO DO CONVENIO: ELEMENTOS DO CATÁLOGO DE SISTEMAS DIXITAIS E INFRAESTRUTURAS TECNOLÓXICAS QUE SE POÑEN A DISPOSICIÓN NESTE CONVENIO

En función das condicións e situación das aplicacións ou sistemas, estes poderán poñerse a dispor en diversas modalidades: reutilización da aplicación, posta a dispor do seu uso, utilización compartida, e aquelas outras que en cada momento poidan ser de interese.

1) Notifica.gal

O sistema de notificacións electrónicas de Galicia Notifica.gal é o servizo que permite a cidadáns, empresas e administracións públicas recibir, de forma áxil e sinxela, as notificacións electrónicas enviadas pola Xunta de Galicia ou por calquera outra administración pública galega adherida a este sistema. Con este servizo, calquera cidadán pode solicitar, de forma voluntaria, que se lle remitan de forma electrónica as notificacións administrativas.

Modalidade de uso: Adhesión á utilización do servizo dispoñible.

2) Plataforma de intermediación de datos e documentos PasaXe!

A plataforma de intermediación PasaXe!, administrada pola Amtega como nodo de interoperabilidade, presta funcionalidades comúns para o intercambio de datos e documentos entre o sector público autonómico e o resto das administracións públicas. O intercambio realízase nunhas condicións tales que garanten a seguridade da información e a protección dos datos persoais que se transmitan, proporcionando medidas para a autenticidade, confidencialidade, integridade, dispoñibilidade e trazabilidade adecuadas á natureza daqueles.

O Catálogo de servizos de interoperabilidade inclúe todos os servizos de consulta de datos e documentos accesibles a través da plataforma, así como as súas condicións de acceso.

Modalidade de uso: Adhesión á utilización do servizo dispoñible.

3) Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos

O Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos de Galicia (REAG) permite ás persoas físicas e xurídicas outorgar poderes a outros/as cidadáns/ás ou entidades para actuar no seu nome nas relacións ante as administracións públicas. Pódese outorgar un poderamento de maneira presencial a través das oficinas de atención á cidadanía e de rexistro ou tamén de forma telemática.





Modalidade de uso: Adhesión á utilización do servizo dispoñible.

4) Plataforma de contratos de Galicia

Emprego do perfil do contratante existente na plataforma de contratos de Galicia que integra toda a licitación da Comunidade Autónoma de Galicia, en cumprimento da Disposición adicional terceira da Lei 20/2013, de 9 de decembro, de unidade de mercado que indica que deben estar interconectadas todas as plataformas de contratación.

Modalidade de uso: Adhesión á utilización do servizo dispoñible.

5) Plataforma de licitación electrónica Silex

A plataforma de licitación electrónica da Xunta de Galicia que permite a creación de expedientes, presentación de ofertas e celebración de mesas de contratación.

Modalidade de uso: Adhesión á utilización do servizo dispoñible.

6) Plataforma de xestión de expedientes de contratación Plation

O Xestor de Expedientes de Contratación da Xunta de Galicia que permite a tramitación de expedientes de contratación, a creación de fluxos de tarefas, a xestión de trámites, a emenda de documentos, a exportación de expedientes, sinatura dixital, etc.

Modalidade de uso: Adhesión á utilización do servizo dispoñible.

7) SEF. Sistema de facturación electrónica

O Consello de Contas emprega como punto de entrada automatizada para as facturas que lle sexan emitidas o Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Comunidade Autónoma de Galicia (SEF), ao que pode acceder desde https://factura.conselleriadefacenda.es/eFactura_web/.

Modalidade de uso: Adhesión á utilización do servizo dispoñible.

